



Fichas divulgativas pagamentos directos

FICHA 2d / DP

Superficie admisible

NORMATIVA

- **Regulamento (CE) 1307/2013** polo que se establecen normas aplicables aos **pagamentos directos** aos agricultores en virtude dos réximes de axuda incluídos no marco da política agrícola común (título III, capítulo 1, sección 3, artigos 32 e 33).
- **Real decreto 1075/2014** sobre a aplicación a partir de 2015 dos **pagamentos directos** á agricultura e á gandaría e outros réximes de axuda, así como sobre a xestión e o control dos pagamentos directos e dos pagamentos ao desenvolvemento rural (art. 14).

DEFINICIÓNS

Explotación: todas as unidades de produción utilizadas por un/unha beneficiario/a e situadas no territorio de España.

Superficie agraria: calquera superficie dedicada a terras de cultivo, pastos permanentes ou cultivos permanentes.

Actividade agraria: a produción, a cría ou o cultivo de produtos agrarios, con inclusión da colleita, da muxidura, da cría de animais e do mantemento de animais para efectos agrícolas ou do mantemento dunha superficie agraria nun estado adecuado para o pasto ou o cultivo sen ningunha acción preparatoria que vaia máis alá dos métodos e da maquinaria agrícolas empregados de forma habitual.

Forza maior: entenderanse por casos de forza maior os seguintes: falecemento do/da beneficiario/a, incapacidade laboral de longa duración do/da beneficiario/a, catástrofe natural que afectase gravemente a explotación, destrución accidental dos locais gandeiros da explotación, epizootia ou praga vexetal que afectase unha parte ou a totalidade do gando ou dos cultivos, respectivamente, do/da beneficiario/a.

Real decreto 1075/2014 de pagamentos directos (art. 3, punto 2)

NORMAS XERAIS

Cada dereito de axuda polo que se solicite o pagamento básico deberá xustificarse cunha hectárea admisible situada no territorio nacional, con excepción das situadas na Comunidade Autónoma de Canarias.

Cada dereito de pagamento básico unicamente poderá ser activado na rexión en que o dereito fose asignado no ano 2015.

Considéranse hectáreas admisibles, para efectos da activación dos dereitos de pagamento básico, as superficies agrarias da explotación, incluídas as superficies plantadas de plantas forestais de rotación curta en que se realice unha actividade agraria ou, cando a superficie se utilice igualmente para actividades non agrarias, se utilice predominantemente para actividades agrarias.

As hectáreas só se considerarán admisibles se cumpren os criterios de admisibilidade en todo momento ao longo do ano natural en que se prescriba a solicitude, excepto en caso de forza maior ou circunstancias excepcionais.

Real decreto 1075/2014 de pagamentos directos (arts. 13 e 14)



CARACTERÍSTICAS

Cando unha superficie agraria dunha explotación se utilice tamén para actividades non agrarias, esta superficie considerarase predominantemente utilizada para actividades agrarias, sempre que estas poidan realizarse sen estar sensiblemente obstaculizadas pola intensidade, natureza, duración e calendario das actividades non agrarias.

Toda hectárea admisible deberá cumprir as normas da condicionalidade, excepto en caso de forza maior ou en circunstancias excepcionais.

Deberanse ter en conta tanto a definición de **pastos permanentes** (redacción dada polo Real Decreto 27/2018 do 26 de xaneiro, polo que se modifica o Real decreto 1075/2014 do 19 de decembro), como a definición do **coeficiente de admisibilidade de pastos** (en diante CAP) de tal maneira que a superficie admisible máxima dun recinto de pastos será a superficie total do recinto multiplicada polo dito coeficiente.

As parcelas agrícolas de hectáreas admisibles utilizadas para xustificar dereitos de axuda deberán estar á disposición do/da agricultor/a, ben en réxime de propiedade, usufruto, arrendamento, parzaría ou asignación por parte dunha autoridade pública xestora dun ben comunal, o 31 de maio do ano en que se solicita a axuda.

Real decreto 1075/2014 de pagamentos directos (arts. 14 e 15)

REQUISITOS XERAIS PARA PODER ACCEDER Á AXUDA

Obrigatorio	X Si – Non	Obs.:
Agricultor activo	X Si – Non	Obs.:
Ter solicitude única en 2013	– Si X Non	Obs.:
Solicitar pagamento base	X Si – Non	Obs.:
Observacións:		